



DATOS IDENTIFICATIVOS

Didáctica da Lingua e Literatura Galega na Educación Secundaria

Materia	Didáctica da Lingua e Literatura Galega na Educación Secundaria			
Código	V02M066V10236			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas e Literaturas Oficiais: Castelán e Galego			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Lingua de impartición			
Departamento	Departamento Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Costas González, Xosé Henrique			
Profesorado	Costas González, Xosé Henrique Noya Campos, María del Camino			
Correo-e	xcostas@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Análise das estratexias necesarias para a docencia eficiente da lingua galega nunha situación de minorización e métodos de transmisión do ensino da literatura galega.			

Competencias

Código				
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.			
B5	Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo.			
B6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.			
B7	Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.			
B12	Participar na avaliación, investigación e a innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación			
B16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.			
C1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.			
C3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.			
C15	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinamentos.			

C20	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
C21	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
C22	Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
C24	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
C28	Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
C29	Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Contrastar co alumnado a experiencia como profesores de secundaria e bacharelato	B4 B5 B6 B7 B16 C1 C3 C15 C20 C21 C22 C24 C28 C29 D1 D2 D3
2. Estudar o enfoque do ensino da Lingua Galega e Literatura en secundaria e bacharelato	B4 B5 B6 B7 B12 B16 C1 C3 C15 C20 C21 C22 C24 C28 C29 D1 D2 D3

3. Analizar as perspectivas e metodoloxía da Lingua Galega e da Literatura en secundaria e bacharelato. B4
B5
B6
B7
B12
B16
C1
C3
C15
C20
C21
C22
C24
C28
C29
D1
D2
D3

4. Coller seguridade no trato co alumnado de secundaria e bacharelato en Lingua Galega e Literatura B4
B5
B6
B7
B12
B16
C1
C3
C15
C20
C21
C22
C24
C28
C29
D1
D2
D3

5. Analizar as posibilidades das TIC no ensino da Lingua Galega e Literatura en secundaria e bacharelato B4
B5
B6
B7
B12
B16
C1
C3
C15
C20
C21
C22
C24
C28
C29
D1
D2
D3

6. Colle práctica e seguridade na avaliación e corrección en Lingua Galega e Literatura en secundaria e bacharelato	B4 B5 B6 B7 B12 B16 C1 C3 C15 C20 C21 C22 C24 C28 C29 D1 D2 D3
---	---

Contidos

Tema	
CONTIDOS: M ^a Camiño Noia Campos: o ensino da literatura galega.	1.- Que entendemos por Literatura? 1.1.- A literatura como manifestación artística. 1.2.- A literatura como forma de coñecemento. 1.3.- A literatura como imitación da realidade. 1.4.- Fantasía e ficción literarias. 1.5.- A literatura como meta de autoexpresión. 2.- Literatura galega contemporánea e literatura de expresión oral. 3.- Como aprender a ensinar literatura.
CONTIDOS: - Xosé Henrique Costas González: lingua galega, sociolingüística e estratexias de aprendizaxe nun contexto de conflito lingüístico.	1.- Reflexións previas sobre o rol do profesor, o protagonismo do alumno e o clima da aula. 2.- A interdisciplinariedade e os contidos transversais dende a clase de Lingua Galega. 3.- Sociolingüística: o conflito e o combate dos prexuízos lingüísticos na aula e nos centros. 4.- Das actitudes ás condutas e usos lingüísticos. 5.- As interferencias recíprocas. 5.1.- Onomástica e toponimia. 5.2.- Fonética e fonoloxía. Ortografía. 5.3.- Morfoloxía e sinataxe. 5.4.- Léxico e fraseoloxía. 6.- Recursos informáticos para o ensino do galego.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	0	30
Traballo tutelado	0	20	20
Seminario	10	0	10
Debate	4	0	4
Resolución de problemas	10	0	10
Estudo de casos/análises de situacións	16	0	16
Saídas de estudo/prácticas de campo	0	5	5
Actividades introdutorias	6	0	6
Probas de autoavaliación	4	0	4
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	12	10	22
Traballos e proxectos	0	10	10
Estudo de casos/análises de situacións	0	11	11
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos conceptos teóricos relativos ao temario, bibliografía e webgrafía comentada e recomendada.
Traballo tutelado	Traballos individuais ou colectivos realizados polo alumnado sobre un tema ou subtema concreto do temario.
Seminario	Traballos individuais ou colectivos realizados polo alumnado sobre un tema ou subtema concreto do temario.
Debate	Fomento da intervención oral crítica do alumnado sobre un tema proposto.
Resolución de problemas	Resolución e comentario de exercicios propostos ao alumnado e que este debe realizar dentro ou fóra da aula.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise de situacións reais de tipo sociolingüístico acontecidos recentemente na sociedade galega.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Visita a un centro de investigación sobre Lingua Galega e outro sobre Literatura Galega.
Actividades introdutorias	Contextualizacións necesarias previas á explicación dun tema, que servirán de refresco conceptual para boa parte do alumnado e sen as cales a comprensión non sería completa.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención á realización de traballos tutelados será nas horas de titorías.
Resolución de problemas	A atención realizarase nas horas de titorías personalizadas
Saídas de estudo/prácticas de campo	Non se realizarán
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	De forma voluntaria o alumnado poderá realizar unha unidade didáctica, que será avaliada dentro da nota final. Como se dun traballo máis se tratase, a atención personalizada terá lugar nos horarios de titorías.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistralExposición teórica acompañada de exercicios, debates, semanarios etc.	100	B5 B16	C1 C3 C20 C22 C29	D1 D2 D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continua a través do seguimento do alumno, para o que é imprescindible a asistencia ás sesións presenciais e a colaboración nas actividades propostas. A nota será numérica: de 0 a 10.

En caso de non asistir ás sesións e non realizar as tarefas con aproveitamento, o alumno deberá realizar un exame final que terá por temario:

1. Os obxectivos de Lingua e literatura galega na ESO
2. Os obxectivos de Lingua e literatura galega no bacharelato
3. Como aprender a ensinar literatura.
4. Panorama da literatura galega de 1980 á actualidade.
5. Interferencias do castelán no galego e métodos para evitalas.
6. Os prexuízos sobre a lingua galega no ensino.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Avaliación será continua a través do seguimento do alumno, para o que é imprescindible a asistencia ás sesións presenciais e a colaboración nas actividades propostas. Así como a entrega puntual dos traballos e probas de avaliación.

A asistencia ás clases será obrigatoria.

A nota será numérica: de 0 a 10
